

El problema medioambiental · Opinión

Galicia contamina más que hace 25 años por las emisiones del transporte y los hogares. Las emisiones de dióxido de carbono se elevan por encima del 40% en ambas actividades y en las eléctricas

caen un 11%, fruto de la crisis que ha mermado la producción industrial. Al hilo de estos datos que acaba de publicar la Xunta, dos expertos analizan la contaminación y el reto al que se enfrenta la co-

munidad ante el cambio climático. Los dos coinciden en la importancia de apurar y diseñar una adecuada Ordenación del Territorio para mitigar las emisiones de gases contaminantes.

A contaminación na Galicia

Gostaríame poder iniciar este artigo afirmando que Galiza, é un país onde non temos degradación ou contaminación algunha, nin na atmosfera, nin na auga, nin no solo. Pero a situación parece ben distinta :

- As industrias como as centrais térmicas, industria de aluminio-aluminio, refinería de petróleo, fabricación de pasta de papel ... emiten a atmosfera dióxido e monóxido de carbono, dióxido de xofre, compostos de nitróxeno, metano... gases responsables do efecto invernadoiro e causantes de destruír e diminuír a capa de ozono e tamén provocan choiva aceda. Ademais as industrias emiten metais pesados, partículas e gases prexudiciais non so para os ecosistemas senón directamente para a nosa saúde cando os respiramos, así as partículas (PM2,5) relaciónanse con problemas cardiovasculares e ictus cerebral; algúns gases teñen que ver con problemas no aparato respiratorio e pulmóns; os metais e as dióxinas están relacionados co cancro... As industrias son as principais responsábeis de que Galicia ocupe hoxe, igual que en 1990 ou no ano 2000, un lugar moi destacado no Estado por emisión de gases contaminantes. Hoxe emitimos o 12% do total do Estado en dióxido de carbono. Asímismo emitimos o 14,28% do total de óxidos de xofre, o 20,75% do total de flúor, o 15,71% do total de partículas PM10, o 13,99% do total de mercurio ... etc.

- Os incendios. O lume pode evitarse?, cada verao e ano tras ano, década tras década, seguimos con incendios. Terán algo que ver as repoboacións de piñeiros e eucaliptos? Haberá intereses económicos ocultos? Os incendios ocasionan contaminación, perda de flora e fauna, cuantiosas perdas económicas, traen problemas de erosión e perda de solo cando non a perda de vidas humanas. Das máis de 16.000 Hectáreas queimadas no ano 2013 apenas se aplicaron medidas de contención da erosión e rexeneración. Das 2.500 Hectáreas queimadas no Monte Pindo so se interveu en 4. O Goberno si non pode co lume, tería que cuestionar o tipo, extensión e xestión das repoboacións forestais, e ordenar o monte. Levamos anos estando a cabeza no Estado por número de incendios e por extensión queimada.

- As nosas rías seguen sen estar saneadas, mesmo tivemos chamada de atención da Unión Europea. En portos e praias de renome poden verse vertidos de augas residuais sen depurar. As mareas vermellas, que hoxe teñen pechado o 80% dos polígonos de mellillón, van en aumento ano a ano, a maior frecuencia e intensidade dos episodios tamén se relacionan coa contaminación.

- Os ríos con encoros seguen esperando



Ramón Varela Díaz

Biólogo e ex-presidente de Adegga

polas escalas salmoneiras ou pasos para peixes. Os monoplios eléctricos incumpren a lexislación e a administración mira para outro lado. O estado da auga en moitos encoros é verde e aceitoso froito da eutrofización ou superabonado. Ríos como o Sar, Lagares, Louro, Limia, Mero... presentan augas turbias e contaminadas e algún sofre vertidos puntuais graves (Rio Ladra, Tea ...). Os bosques caducifolios de ribeira retroceden en extensión e vitalidade e atrévese a multar - 6.900 euros- aos que os defenden (en Sarria por exemplo).

Estes non son os únicos problemas, pero outros xa apuntan :

1) O proxecto da autovía A-76 Ourense-Ponferrada de 125 km de longo é unha nova ameaza por atravesar a Ribeira Sacra, cando existe unanimidade en Galicia para que sexa declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco. É un proxecto inxustificable ademais polo pouco tráfico na zona e o gran investimento que precisa, superior aos 1000.000.000 de euros que ben poden ir destinados a mellores fins. Todas son razóns máis que suficientes como para buscar outras alternativas e retirar o proxecto, mellor sería pensar no ferrocarril e no tren de cercanías como alternativa.

2).O entusiasmo mineiro. Os romanos e na actualidade as multinacionais estranxeiras puxeron dende sempre a vista no noso país para extraer as riquezas mineiras. Os proxectos de Corcoesto (A Coruña) e no Val do Neira (Lugo) de extracción de ouro, aínda non están definitivamente pechados, permanecen aletargados igual que outros (seixo na Terra Chá, cantieiras no Parque Enciña de Lastra na reducida Rede Natura...). Seguirá a administración colaborando a beneficio cero coas multinacionais?

3). Por si fora pouco, a lexislación como a Lei de Montes non rematará cos incendios, serve como anel ao dedo a industria forestal e enerxética e os Planos Directores da Rede Natura son hiperpermissivos (poden construírse piscifactorías, autoestradas, aumentar edificabilidade...) e mesmo zonifican o territorio a medida dos intereses especuladores. Nos últimos 6 anos os fondos ambientais caeron ate o 67% e as áreas de conservación da natureza reduciron os seus fondos no 91%.

Son moitos os problemas sen resolver, pero existe un urxente que require o consenso da sociedade sen exclusión e o interese adecuado do Goberno por encima dos demais cal é a Ordenación do Territorio en función do noso país.

Parafraseando a Castelao "as sardiñas volverían si o goberno quixese". A contaminación...

O cambio climático: un problema de todos

A revolución industrial da segunda metade do século XVIII, que permitiu o forte proceso de crecemento económico europeo e despois mundial, non tería sido posible sen o uso a grande escala dos combustibles fósiles. Que a queima destes combustibles (primeiro carbón e posteriormente tamén petróleo e gas) causaba problemas de contaminación local foi algo evidente desde moi cedo, pero non soubemos até hai relativamente pouco da importante incidencia destes procesos sobre o cambio climático. Abordar o cambio climático é, sen embargo, moito máis complicado que atallar a contaminación local asociada á queima de combustibles tanto por razóns tecnolóxicas como polas características globais e interxeracionais deste problema, que dificultan a adopción de políticas.

Son numerosos e complexos os motivos que explican as dificultades para a implantación de estratexias efectivas para a redución das emisións de gases precursores do cambio climático. Este debate é moi relevante para o caso galego, dada a importancia na nosa economía de sectores primarios que poden verse seriamente afectados polo cambio climático. Neste contexto, existen algunhas pautas de actuación desde Galiza que sería moi recomendable abordar para avanzar na mitigación do cambio climático. Non discutirei aquí as moi necesarias estratexias de adaptación ao cambio climático, xa que o cambio climático vai producir independentemente das nosas accións actuais e futuras no campo da mitigación. Nelas, as administracións galegas deberán xogar un papel moi relevante polo seu ámbito de actuación local e pola necesidade dun coñecemento profundo do medio natural e socioeconómico.

Quizaís o primeiro que hai que deixar claro cando falamos de mitigación das emisións causantes do cambio climático é que a definición e implantación de políticas públicas que corrixan a situación actual é imprescindible. Políticas que promovan o desenvolvemento e implantación de tecnoloxías que non emitan gases precursores do cambio climático, e que ademais leven a cambios nos comportamentos ambientais negativos de empresas e consumidores. Aínda que a natureza global do problema demanda unha aproximación o máis integral posible, idealmente a través de accións concertadas a nivel mundial, o que existe un rol sobranceiro dos gobernos centrais e supranacionais como a UE, as administracións públicas subcentrais teñen tamén un papel impor-



Xavier Labandeira

Catedrático de Economía da Universidade de Vigo e director de Economics for Energy

tante. O apoio á investigación e implantación de tecnoloxías renovables e de eficiencia enerxética ou facer que os prezos dos produtos, principalmente enerxéticos, reflictan os danos ambientais son, entre outros, asuntos fundamentais para calquera administración interesada en mitigar as emisións precursoras do cambio climático. A promoción das enerxías renovables (dentro dun marco com-

potencial restrictivo), o recente apoio á investigación na biomasa e a elevación dos impostos sobre os carburantes de automoción son iniciativas dos últimos gobernos galegos que poden cualificarse así como pasos na dirección correcta.

Sen embargo, as administracións galega e municipais teñen aínda moito que facer nun ámbito onde precisamente o goberno central ten menos atribucións e capacidades: a planificación do territorio e dalgunhas das súas infraestruturas. Cando as nosas cidades se espallan, sen que simultaneamente se desenvolvan medios de transporte público, ou cando se expanden as redes viarias, promóvese implicitamente o uso do vehículo privado e auméntase o stock de emisións futuras, dificultando polo camiño a actuación e efectividade doutras medidas correctoras. E lembre-

mos que o transporte constitúe unha das fontes máis importantes, e máis difíciles de xestionar, de emisións de gases causantes do cambio climático.

Non querría finalizar sen lembrar, sen embargo, a importancia do comportamento individual para abordar con éxito a mitigación do cambio climático. Non só porque cunha resposta axeitada ás políticas públicas pode incrementarse considerablemente a súa efectividade, senón tamén porque podemos facer moito de motu propio, por exemplo favorecendo os produtos menos prexudiciais en termos de emisións de gases precursores do cambio climático (e influíndo polo tanto no sector empresarial), procurando que as nosas vivendas, aparellos domésticos e vehículos sexan eficientes desde un punto de vista enerxético, ou adoptando hábitos e estilos de vida menos agresivos neste eido.

Non caben solucións sinxelas para un problema de tanta complexidade, pero unha combinación de políticas públicas ben deseñadas e aplicadas a todos os niveis xurisdiccionais, unha axeitada educación e información ambiental e un protagonismo consciente dos consumidores poden contribuír á necesaria mitigación da emisión de gases causantes do cambio climático.

“Son moitos problemas que resolver, pero existe un que require consenso social e o interese adecuado do Goberno: a Ordenación do Territorio”

“Políticas públicas, educación ambiental e un protagonismo consciente dos consumidores poden contribuir a mitigar o cambio climático”